

MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE DE CELEBRAR UN CONTRATO

DESCRICIÓN	Contrato de servizos para a organización ea Feira Celta 2024 (Exp. 778/2024)
Área	Cultura, Ocio, Tempo libre e Turismo

1.- Obxecto do contrato que se propón adxudicar:

O obxecto do contrato que se propón adxudicar é a prestación dos servizos de organización da Feira Celta 2024 do Concello de Porto do Son, que inclúe:

- Xestión, coordinación e acomodación das paradas de artesanía, alimentación, restauración e oficios.
- Organización e desenvolvemento de espectáculos 1) Espectáculos musicais, 2) Espectáculos de animación, teatrais e circenses.
- Talleres de oficios artesanais en vivo.
- Exposicións fixas.
- Espazo infantil.
- Decoración e ambientación.
- Deseño de cartaz e trípticos.
- Xestión dos residuos xerados por la propia parada.
- Servizo de ambulancia

2.- Relación do obxecto do contrato coas necesidades administrativas que se pretenden satisfacer.

O art. 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) dispón que os concellos, nos termos da lexislación, estatal e autonómica, exercerán competencias propias nas materias de “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local” (apartado h) e de “promoción do deporte e instalación deportivas e de ocupación do tempo libre” (apartado l.).

Pola súa banda, o art. 5 a) da Lei 7/2001, do 27 de outubro, do turismo de Galicia atribúeselle aos concellos competencias para “a protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal”.

En relación co exercicio das competencias citadas, a celebración da Feira Celta 2024 revélase como un evento cunha potencialidade de primeira orde para a promoción turística do concello. Neste senso, a afluencia de asistentes ás anteriores edicións do evento pon de manifesto a elevada capacidade de atracción de visitantes e o seu importante valor como recurso turístico do concello.

Tendo en conta que a Feira Celta é un evento que presenta un elevado potencial para a promoción turística do Concello de Porto do Son e que a difusión que acada reforza ese carácter de atractivo turístico, estímase conveniente organizar ese evento no presente ano.

3.- Cálculo do valor estimado do contrato. Orzamento do contrato.

a) Valor estimado.

O valor estimado do contrato ascende a 18.867,32 euros. Correspóndese ao importe estimado dos ingresos pola explotación comercial do viario público local. O seu importe calculouse tendo en conta os aspectos que se indican, de acordo co establecido no art. 101 LCSP:

- Orzamento do contrato sen IVE: 18.867,32 euros
- Prórrogas do contrato aos licitadores: Si (por un ano máis de estar conforme ambas partes).
- Primas ou pagos aos licitadores: Non
- Importe máximo das modificacións do contrato previstas: 0,00€ (non se prevé modificar o contrato).



- e) Custos das subministracións postas a disposición do contratista polo concello: 0,00 €.
- f) División por lotes: Non.
 - a) TOTAL valor estimado (a + b + c + d + e + f)= 37.734,64 euros

b) Orzamento base de licitación:

Sendo un servizo que precisa de ocupación de dominio público local o adxudicatario, con motivo da celebración da Feira Celta, de acordo co artigo 92.5 da Lei 33/2003, de Patrimonio, deberá aboar un canon por un importe mínimo de 4.867,32€, e que se calculou conforme a Ordenanza fiscal nº 21 reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas no terreo de uso público e industrias ambulantes e rodaxe cinematográfica do concello de Porto do Son, de acordo cos días e metros de ocupación que constan no informe da Técnico de Cultura.

4.- Procedemento de adxudicación.

O artigo 131.2 LCSP establece que a adxudicación dos contratos se realizará ordinariamente utilizando os procedementos aberto ou restrinxido, agás os contratos de concesión de servizos especiais do Anexo IV da lei, que se adxudicarán por procedemento restrinxido.

Considerando o disposto no artigo 131 LCSP, estímase conveniente empregar como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado.

5.- Duración do contrato

A duración estimada do contrato comprende dende o 26 ao 28 de xullo de 2024 (3 días).

6.- División en lotes do contrato.

Non se estima conveniente a división en lotes do contrato, tendo en conta a íntima vinculación entre as prestacións obxecto do contrato e a fin de garantir a súa máis correcta execución e a adecuada satisfacción das necesidades administrativas ás que responde a licitación.

7.- Criterios de solvencia económica e financeira e técnica e profesional.

Poderán optar a adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non se atopen incursas nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración establecidas no artigo 71 da LCSP, e que acrediten súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou súa clasificación, de conformidade co previsto nos artigos 86, 87 e 90 da LCSP 2017.

7.- Determinación dos criterios de adxudicación do contrato.

A fixación dos criterios de adxudicación do contrato está suxeita ao cumprimento das seguintes regras:

- Con carácter ordinario, para a adxudicación dos contratos empregárase unha pluralidade de criterios de adxudicación (art. 131.2 LCSP).
- Os criterios de adxudicación deben permitir a adxudicación do contrato a favor da oferta que reúna a mellor relación “calidade- prezo”, avaliada con arranxo a criterios económicos e cualitativos (art. 145.1 LCSP).
- Os criterios de adxudicación deberán (art. 145.5 LCSP):
 - estar vinculados ao obxecto do contrato.
 - formularanse de modo obxectivo e con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, non conferíndolle ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.
 - Garantirán a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e conterán especificacións que permitan comprobar efectivamente a información facilitada polos licitadores para verificar que as ofertas cumpran cos criterios de adxudicación.





- A organización, cualificación e experiencia profesional do persoal que vaia executar o contrato poderá empregarse como criterio de adxudicación sempre que a calidade dese persoal poida repercutir de maneira significativa na súa mellor execución (art. 145.2.2º LCSP).
- O emprego como criterio de adxudicación das “melloras” ao contrato deberá axustarse aos seguintes requisitos:
 - As melloras deberán estar suficientemente especificadas.
 - Cando a avaliación das melloras se realice mediante xuízo de valor a súa ponderación non poderá superar o 2,5 %.

A maiores do exposto, no procedemento simplificado abreviado unicamente poderán empregarse criterios de avaliación mediante fórmula.

Tendo en conta a regulación exposta, propónse o establecemento dos seguintes criterios de adxudicación:

a)Avaliables mediante xuízo de valor (ponderación de 25 puntos)

-Programa de actividades: a elección deste criterio xustifícase en tanto en canto, de acordo coas apreciacións trasladadas polos servizos técnicos municipais de cultura, é o recurso máis axeitado para avaliar a aptitude dos licitadores para a prestación dos servizos obxecto do contrato. Asimesmo, nun contrato cuxas prestacións teñen nun elevado grao unha compoñente artística, eríxese como o mellor criterio para estimular a maior variedade posible de solucións e, de entre todas, escoller a que do mellor xeito satisfaga as necesidades do concello.

B)Avaliables mediante fórmulas (ponderación de 75 puntos)

- Canon fixo anual (máximo de 50 puntos): a cantidade ofertada polos licitadores, por este concepto, valorarase partindo dun mínimo de 4.867,32€ de acordo ca seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = \text{Máximo de puntos} \times \text{Oferta considerada entre la mellor oferta}$$

Considerarase como “oferta considerada” o importe neto da oferta, é dicir, o exceso da oferta respecto ao mínimo fixado.

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas proposicións que non oferten o mínimo establecido como canon a satisfacer.

- Maior número de espectáculos de animación, teatrais e circenses (máximo de 25 puntos): a oferta dun maior número de espectáculos e atraccións, que complementen os que se determinen como mínimos dos pregos de prescricións técnicas particulares, redundará positivamente na mellor calidade do evento que se quere organizar. Os pregos de cláusulas administrativas particulares que se redacten deberá establecer cal será a cantidade maior de espectáculos que se valorarán sobre os mínimos propostos así como a valoración e a puntuación que se outorgue en cada caso.

8.- Insuficiencia de medios para realización das prestacións directamente polo concello.

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu artigo 30 establece en que supostos debe actuarse con medios propios e cando procede recorrer a terceiros. Ao respecto, para a prestación de servizos senta o principio de execución pola propia administración, ao establecer: 3. A prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios. Non obstante, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da presente Lei. A efectos de garantir esta análise, ao regular a preparación dos contratos das administracións públicas no art. 116.4 f/ establece esta obrigatoriedade:

Nos últimos anos veuse contratando este servizo con empresas especializadas, sempre baixo a supervisión da concellería de Cultura e o seu departamento, polo que, habida conta das consideracións que anteceden, resulta pertinente manter a fórmula de prestación externalizada dada a falta de medios propios na área de Cultura e Deportes do concello de Porto do Son, que garante o logro dos obxectivos que con este tipo de eventos se pretende.

Porto do Son, na data da sinatura á marxe.

Área de Cultura, Ocio, Tempo libre e Turismo
Asdo. Alicia Martínez Maneiro

Conforme o Alcalde
José Luis Oujo Pouso

